

Con Vitor Manuel Aguiar e Silva, en Compostela

*Darío Villanueva e Anxo Tarrío*

**P**rofesor, en primeiro lugar, queremos facerlle saber, se é que non o sabe xa, que a súa obra é moi coñecida entre os profesores e os estudantes de Santiago, dende hai moitos anos. Exactamente, coido que dende os anos finais da década dos sesenta, cando pasabamos por aquel entusiasmo estruturalista e cando o formalismo ruso aínda era unha novidade para nós, que viñamos da Estilística, da Filoloxía, etc., a súa obra, en concreto a Teoría da Literatura, na versión española da editorial Gredos, chegou aquí a poñer un pouco de orde nos asuntos do panorama crítico, metodolóxico, etc. Por esta razón, coidamos que a súa presenza na Universidade de Santiago de Compostela é moi incentivadora para grande parte de nós, porque, en boa medida, vostede é unha referencia absolutamente obrigada en calquera investigación teórica e mesmo na práctica da análise textual.

*Para quentar motores, se se nos permite a expresión, preguntariamoslle cómo e ónde tivo lugar a súa formación, tendo en conta a precariedade do contexto peninsular hispánico en tantas cousas, sobre todo nos anos en que esa formación debeu ter lugar.*

A miña formación ocorreu na Universidade de Coimbra e curiosamente tiven como mestre de literatura un profesor, coñecido discípulo de Carolina Michaëlis e polo tanto historiador literario, digamos, tradicional, pero que era un home relativamente aberto, dende o punto de vista intelectual. E cando a cadeira, a disciplina de Teoría da Literatura, foi creada na Universidade de Coimbra e eu estaba a acabar o meu curso de licenciatura en Filoloxía Románica, tiña unha preparación relativamente actualizada no campo da lingüística, porque tiven un profesor de Lingüística Xeral e de Lingüística Románica, o profesor Herculano de Carvalho, que nos introduciu no estruturalismo lingüístico, na Glosemática, mais no campo das disciplinas literarias a miña formación como alumno foi unha formación moi tradicional. Pero cando a cadeira de Teoría da Literatura empezou a funcionar, este meu profesor, vello historiador literario, díxome: “Está aquí unha disciplina que eu non sei exactamente o que é. Vostede, que vai comezar a súa vida

de docente universitario, ten de ver se consegue facer a cadeira, facer a disciplina. Ten aquí diñeiro para comprar libros, informes, etc., e poñerse a traballar". E foi así como eu comecei por informarme xunto dalgúns xoves profesores de Lisboa sobre o que se fa facer en Lisboa. Despois tiven a sorte de ir ós Estados Unidos, logo do inicio da miña carreira como estudante universitario, e dos Estados Unidos trouxen algunha bibliografía, algunhas informacións, a comezar polas obras dos formalistas rusos, como Jakobson, xa que felizmente as obras de René Wellek e Austin Warren xa estaban traducidas aquí, en España, e en Portugal había outro libro, xa cunha certa difusión, que é un libro aínda hoxe importante e que foi sobre todo moi importante cando se publicou (e foi publicado en lingua portuguesa orixinariamente, só despois foi publicado en alemán), que é o libro de Wolfgang Kaiser, *Interpretación e análise da obra literaria*. Wolfgang Kaiser foi profesor da Facultade de Letras de Lisboa durante o periodo da guerra e deixou en Portugal moitas sementes que despois viñeron a fructificar nos anos sesenta.

E, excluindo unha breve estada nos Estados Unidos (estiven en Harvard e na Columbia University), a miña formación nos anos sesenta foi, digamos, a propia dun autodidacta, que comezou a ler, a reflexionar e a traballar.

*Polas consideracións que vostede fixo na conferencia de onte (Os límites do pluralismo na hermenéutica do texto literario), parece que estamos nun momento en que que cómpre facer unha reflexión, mesmo unha especie de inventario, sobre das cousas que se foron acadando no terreo da crítica ó longo deste século, fundamentalmente, e tamén unha limpeza, unha clarificación do panorama. ¿Pensa vostede que neste final de século é necesario volver a repensar sobre do ser da literatura, sobre da xa clásica cuestión de qué fai dun texto lingüístico un texto literario, ou mesmo non só qué senón quen fai dun texto lingüístico un texto literario? Pensemos nalgunhas propostas teóricas que chegaron a pronunciarse sobre da imposibilidade de facer unha definición esencialista da literatura. Entón, hai que abrir outros camiños.*

Eu penso que a pregunta é extremadamente pertinente. Xulgo que chegou realmente o tempo de un inventario que sexa ó mesmo tempo unha limpeza do campo. Que sexa unha reflexión sobre o camiño andado e o camiño que temos fronte de nós. Nestes últimos anos, sintomáticamente, foron publicados, nos Estados Unidos, na Inglaterra, en Francia, libros que pretenden ser exactamente un inventario, unha reflexión, e os propios títulos son moi curiosos, porque indican solucións diferentes. Por exemplo, nos Estados Unidos, recentemente publicouse un libro que se titula *Os límites da teoría*, outro que se titula *O futuro da teoría literaria*, pero hai pouco tempo atrás tiña sido publicado pola Cambridge University Press un libro que se titulaba *O fin da teoría literaria*. Por un lado os que anuncian o fin da teoría literaria, por outro os que chaman a atención polos límites da mesma, outros que subliñan o futuro da teoría literaria. Houbo unha grande inflación nestes últimos anos, no campo da produción da teoría literaria. Mesmo en Francia, onde durante tantos anos a teoría da literatura foi descoñecida ou mal vista, hostilizada, estamos hoxe a asistir a unha especie de entrada triunfal da teoría da literatura nos medios universitarios franceses, con moitos anos de retraso, como, doutra banda, é costume nas Universidades francesas. E esta inflación de produción obriga realmente a facer unha selección, unha peneira, no fondo, unha crítica no sentido etimolóxico da palabra: unha separación, unha distinción, ata

porque, doutro xeito corremos o risco de ficar sulagados neste “babel” de linguas, de linguaxes e de metalinguaxes en que a teoría da literatura se transformou. E este problema de facer unha reflexión sobre da teoría da literatura está intimamente ligada á outra parte da súa pregunta. A necesidade de facer, de continuarmos a facer unha reflexión sobre a literatura, sobre o que é a literatura.

Nun libro que foi un *best seller* nos Estados Unidos, na Inglaterra, na Europa, *Teoría literaria, unha introducción*, Terry Eagleton afirma nas páxinas finais que, a final de contas, aquel libro era, foi un necroloxio, un obituario, porque condenou a morte á disciplina que pretendía expor, porque anteriormente tiña condenado a morte a literatura. Porque, se non existe a literatura, non existe unha teoría da literatura. Isto é, para facermos unha reflexión sobre a teoría temos que previamente facer unha reflexión sobre o que é a literatura. Foi, por outra parte, este o camiño que Aristóteles segue na *Poética*: trátase de saber o que é a poesía para despois facer a reflexión sobre da poesía. Eu xulgo que as críticas que foron enderezadas ás concepcións esencialistas e ás definicións esencialistas da literatura teñen razón de ser parcialmente. Teñen unha fundamentación en parte. O problema...

*Estamos a pensar, e perdoe a interrupción, na posición, por exemplo de John M. Ellis.*

Si. John M. Ellis, si. O seu libro *Teoría da crítica literaria*, é de 1974, pero xa anteriormente había algunhas críticas semellantes que van no mesmo sentido e que no fondo teñen matrices heteroxéneas. Quero dicir, no *attack* á literatura, como dice René Wellek no título dun libro, confluíron vectores diversos, dende vectores que eu diría filosóficos, epistemolóxicos, predominantemente filosóficos. Estou a pensar no vector que vén de Wittgenstein, sobre todo das súas *Investigacións filosóficas*. Esta matriz de Wittgenstein veu despois a desenvolverse no chamado antifundacionalismo, nas filosofías anti-fundacionalistas, no pensamento débil, no *pensiero devole*. Pero hai outros vectores que teñen sobre todo unha marca ideolóxica: certos ataques, por exemplo, que viñeron de cuadrantes marxistas e que consideran a literatura como unha invención fundamentalmente da burguesía...

*Que parece ser a postura de Eagleton...*

É a postura de Eagleton, exactamente, que, se ben ten unha contaminación ideolóxica, non obstante hai nel tamén xa unha influencia das filosofías anti-fundacionalistas de Richard Bortolucci e outros. Polo tanto, dende un punto de vista ideolóxico, a literatura é considerada como un capital simbólico que pertence a unha determinada clase, a un determinado estrato social e que no fondo é manifestación dun dos privilexios que esa clase adquiriu. Doutra banda, o *attack* contra da literatura, e isto tense significado sobre todo nos Estados Unidos, ten sido inspirado e animado por unha contraposición da chamada cultura elevada á cultura, digamos, popular, trivial, etnográfica, etc.. Quero dicir, a redescuberta da literatura marxinal, da paraliteratura, de literaturas periféricas, contribuíu sobre todo a disolver o canon, que está intimamente ligado, eu diría, a un concepto tradicional ou clásico da literatura. Pero eu xulgo que, se estas críticas a unha definición esencialista da literatura son parcialmente fundamentadas, non nos podemos esquecer que, en efecto, o concepto de literatura se constituíu en rigor

a partir da segunda metade do século XVIII e, xa que logo, sería un concepto relativamente recente. Non nos podemos esquecer que, efectivamente, este concepto de literatura que se constitúe na segunda metade do século XVIII está intimamente ligado á ascensión cultural da burguesía. Isto é inevitable. A constitución dun público lector diferente, a circulación do texto na sociedade burguesa e capitalista, etc., é inevitable. Se ben é certo que non se pode definir a literatura sen ter en conta o lector (este é outro aspecto moi importante: en que contextos é usado e utilizado o texto, todo isto é verdade), eu penso nembargantes que as críticas radicais, radicalistas, ás definicións esencialistas da literatura son insustentables. Isto é, pretender destruír, eu diría, a ontoloxía do texto literario en exclusivo proveito de xuízos e da decisión do lector non ten unha fundamentación sustentable. Por varias razóns. Unha delas é esta: se o concepto de literatura é, de certo, relativamente recente, non nos podemos esquecer que o concepto de *poesía* é un concepto que remonta á aurora da cultura occidental. E o concepto de *poesía* está, dende os albores da cultura grega, indisolublemente ligado a un determinado uso da linguaxe na construción dos textos (tamén exactamente na lectura e a aportación do lector), a unha certa organización do texto, a unha certa construción do texto e, ó longo da historia da cultura occidental, ó longo da *poesía* latina (dicir *literatura* latina ou grega, etc., é un anacronismo), ó longo da *poesía* medieval, ó longo da *poesía* do rexime do manierismo, barroco, nós encontramos sempre, ó nivel da metalinguaxe e ó nivel da práctica textual, unha ligazón entre o concepto de *poesía* e un determinado xeito de utilizar a linguaxe, de utilizar o discurso, de construír o texto. E eu non teño coñecemento de que ata hoxe o concepto de *poesía* teña sido verdadeiramente posto en causa. É curioso. Os ataques diríxense sempre ó concepto de literatura, nunca ó concepto de *poesía*. Tense falado da morte da *poesía*, mais por outras razóns: porque o mundo contemporáneo, a civilización de masas, a civilización burguesa capitalista é refractaria á *poesía*. Pero eu non coñezo ningún estudio que diga: “O texto poético non é un texto que teña características sintácticas, semánticas e pragmáticas propias”. E eu coido que a *poesía*, tal como ela é coñecida dende os albores da cultura grega ata a actualidade, constitúe o núcleo duro, o *hard core*, daquilo que a partir do século XVIII pasou a se designar como *literatura*. E vulgo que deberíamos, cando se fala desta cuestión das definicións esencialistas ou da relativizacións destas definicións ou da imposibilidade de dar unha definición de literatura, deberíamos sobre todo pensar na *poesía* e na súa problemática, da *poesía* como fundamento, como elemento fundacional da literatura. Eu teño a este respecto a idea de que se torna máis doado resolver esta cuestión revertendo á *poesía* e, a final de contas, a toda unha tradición milenaria da *poesía* europea, mellor que circunscribíndonos a certas manifestacións literarias, ou ditas literarias, modernas e contemporáneas, en que moitas veces, realmente, as fronteiras se esvaen e dilúen, efectivamente...

*Ben, unido a todo isto, entón, tamén está hoxe en día estudiándose a necesidade dun cambio de paradigma con respecto ás actitudes que se viñeron dando diante do texto literario ata o de agora. Mesmo o concepto de paradigma, a validez deste concepto de paradigma epistemolóxico aplicado á teoría literaria, ponse en tea de xuízo. Doutra banda, neste século que agora remata, denúnciase, aflora a idea de que non hai discurso inocente, que calquera discurso é unha opción ideolóxica e mesmo o discurso teórico, a escolla dun paradigma epistemolóxico conleva unha ideoloxía. Como ve vostede este problema do cambio de paradigma e ata que punto os paradigmas novos que van ir xurdindo terán que facer algún tipo de*

*manifesto de ruptura co pasado ou se realmente se tratará dunha transformación do que levamos visto ata o de agora.*

Esta é outra cuestión central dos estudos literarios contemporáneos. Penso que se ten abusado do concepto de *paradigma* e do concepto de *mudanza de paradigma*. O propio Thomas Kuhn, que construíu o concepto de *paradigma* no seu libro, *A estrutura das revolucións científicas*, é ben claro cando afirma que un paradigma ten unha vixencia relativamente longa, non hai paradigmas que mudan rapidamente. Eu xulgo que nos estudos literarios, como nos estudos lingüísticos, se fala frecuentemente de *mudanza de paradigma* sen grande rigor. Por outra parte, o concepto de paradigma é indisoluble do concepto de ciencia normal e, por tanto, implica unha ciencia perfectamente constituída. Eu no sei se respecto dos estudos literarios podemos falar dunha ciencia literaria. E por iso xulgo que ás veces utilizamos en relación ós estudos literarios o concepto de paradigma un pouco metafóricamente, por analoxía co que acontece na química, na física, etc. Agora ben, ten habido mudanzas de orientación, digamos de *modelo*, iso é indubitable. Pero ligado ó concepto de paradigma está o concepto de inconmensurabilidade. Thomas Kuhn subliña con moita forza que os paradigmas científicos son inconmensurables, non dialogan entre si. Doutra banda, o concepto de paradigma en Kuhn ten moitas semellanzas co concepto de *epistema* en Charles Foucault, en quen este concepto é unha especie de bloque liso, inconsútil, non hai comunicación dun epistema para o outro, hai unha ruptura, un corte, unha cesura. Eu xulgo que nas ciencias perfectamente constituídas, en rigor, nunca hai unha ruptura total entre os paradigmas e que hai sempre canles de pasaxe, de comunicación. E penso que nos estudos literarios, quer falemos de paradigmas quer falemos de modelos, hai igualmente sempre esas pasaxes, esas canles, aínda que haxa tamén moitos factores de opacidade, quero dicir que certos termos e conceptos que funcionan nun modelo teórico, nun modelo heurístico e hermenéutico non funcionan noutros modelos teóricos, hermenéuticos, etc. Esta mudanza de modelos nos estudos literarios coído que é moi rápida e característica dun campo de coñecemento que está aínda en fase, eu diría, precientífica, en fase de constitución, en fase de emerxencia.

Aconteceu isto tamén con outras ciencias (que hoxe están constituídas como ciencias *duras*, podemos dicir) no século XVIII e no século XIX. Aconteceu coa Bioloxía, por exemplo. Non nos debemos, xa que logo, alarmar e pensar que isto constitúe a proba definitiva de que nunca se chegará a constituír unha ciencia da literatura. Eu coído que non, que é un campo de coñecemento que está realmente en fase de constitución.

*¿E polo que se refere ó problema da ideoloxía que apuntabamos antes?*

Penso que nen mesmo as chamadas “ciencias duras” escapan á ideoloxía e que por medio da razón as ciencias sociais, as ciencias humanas, quer xa constituídas ou en vías de constitución están moito máis expostas ó que podemos chamar contaminación das ideoloxías. Mais eu coído que a influencia das concepcións do mundo, as influencias inclusive da metafísica, ou das metafísicas, son inevitables na racionalidade científica. E tanto unhas ciencias coma as outras teñen o deber de seren concientes diso, porque a peor influencia ideolóxica ou metafísica na racionalidade científica e aquela que se ignora ou que, coñecéndose, se enmascara. Pero eu xulgo que é sempre inevitable.

*Interesaríanos moito saber a opinión do profesor Aguiar e Silva sobre a deconstrucción. É, sen dúbida, un movemento que ten acadado un pulo extraordinario, pero coidamos que é moi problemático de cara á súa aplicación ou avance positivo da ciencia literaria.*

*Si, concretamente, eu (Darío Villanueva) teño unha visión bastante negativa dos efectos que a deconstrucción está a producir nun campo crítico tan razoablemente obxectivo e positivo como era o do anglosaxón. Os últimos contactos que tiveron co mundo universitario norteamericano producíronme a impresión de que alí a deconstrucción deu grandes obras, nalgúns casos moi singulares pero que, logo, a xeralización do pensamento desconstruccionista está facendo moitos estragos na racionalidade crítica, nese campo.*

Eu xulgo que o que está a acontecer coa deconstrucción aconteceu con outros movementos da teoría e crítica literarias, isto é, tiveron aspectos moi positivos mais tamén aspectos moi negativos. Estou a pensar, por exemplo no Estructuralismo. Do Estructuralismo quedan indubitablemente aspectos moi relevantes no seu movemento dos estudos literarios, mais ten igualmente feitos devastadores. A aplicación polos discípulos de segunda e terceira cualidade, polos epígonos, dos modelos da análise, por exemplo, actancial, deixou feitos realmente devastadores. Hai unha *vulgata* estruturalista como existe unha *vulgata* desconstruccionista, como existiu unha *vulgata* positivista e unha *vulgata* da Estilística. Eu xulgo que nos seus grandes cultivadores, penso en particular en Paul de Man e en Hillis Miller, en Geoffrey Hartman, a deconstrucción trouxo algúns elementos moi importantes para os estudos literarios contemporáneos. En primeiro lugar, a teoría da deconstrucción ou poética da deconstrucción tivo un papel importante ó reafirmar a existencia dunha certa peculiaridade do discurso literario, do texto literario. No libro *A resistencia contra a teoría*, Paul de Man subliña a necesidade que os estudos literarios teñen para se desenvolveren de definiren con rigor o seu campo literario. Eu considero que para os estudos literarios ten un efecto moito máis perverso a teoría, dita literaria, por exemplo, de Terry Eagleton ou de Stanley Fish do que a deconstrucción de Paul de Man, porque esas orientacións, que son sincreticamente pragmáticas, ideolóxicas, cunha mistura de pseudo-marxismo, pragmática, teoría da recepción, levaron efectivamente á disolución do campo dos estudos literarios.

En termos epistemolóxicos, non pode haber unha disciplina, un campo de coñecemento que se constituía se se disolver o seu obxecto material e, sobre todo, o seu obxecto formal de estudo. A poética da deconstrucción, a meu ver, tivo aquí un efecto benéfico importante. Outro aspecto importante, ó meu ver, da poética da deconstrucción foi ter chamado de novo a atención sobre a textualidade, sobre o texto. Por outra parte, entre a poética da deconstrucción e o New Criticism hai unha forte ligazón: un tipo de lecturas inmanentes que ten moitas semellanzas. Tal vez por iso ata a poética da deconstrucción teña tido nas Universidades americanas unha grande e doada, relativamente doada aceptación, porque digamos que veu conciliarse sobre certos puntos de vista sen grande dificultade coa tradición de *close reading* do New Criticism.

O outro aspecto, ó meu ver, importante da poética da deconstrucción para unha teoría literaria contemporánea foi a chamada de atención sobre a importancia das

figuras, da *figuralidade* no discurso literario. En todo discurso, en todo texto, pero en particular no discurso literario a importancia da metáfora, a importancia da alegoría e a importancia que ten a tropoloxía na significación dos textos literarios (e aquí encontramos o famoso problema da *indecidibilidade* dos textos) é indubitable. E, por iso mesmo, a poética da desconstrución contribuíu de modo importante a libertar a teoría da literatura, a crítica literaria, os estudos literarios, do imperialismo estruturalista do código. Porque o estruturalismo, na súa versión dura e dogmática, por exemplo na súa versión greimasiana, tende a subsumir a diferenza de cada texto na homoxeneidade do código. E a poética da desconstrución ó dar unha relevancia central á metáfora substraíu un elemento fundamental do texto, que é a súa figuralidade, ó imperialismo do código. Porque a metáfora é absolutamente refractaria ó código porque non é codificable. Tódolos lingüístas que se teñen ocupado da metáfora baten cunha dificultade central na explicación da metáfora.

*Porque baten coa compoñente semántica da linguaxe, ¿non?...*

Claro, e naquilo que é imprevisible: na creatividade, na raíz da creatividade. Agora ben, que a poética da desconstrución, sobre todo naqueles discípulos de segunda e de terceira cualidade, que moitas veces necesitan facer unha carreira, facer unha tese, ten tido efectos devastadores, niso estou totalmente de acordo. E penso que o propio Jacques Derrida tivo unha grande responsabilidade niso, porque o estilo de Derrida, un estilo moitas veces labiríntico, contorsionista, un pouco funambulesco, producíu clichés, estereotipos, que son realmente de moi mal gusto, que non teñen ningunha funcionalidade dende o punto de vista teórico, dende o punto de vista hermenéutico: son un puro fenómeno pastiche. Quero dicir que o estilo de Derrida realmente ten sido obxecto de mimetismos de moi pouca cualidade, de moi fraca cualidade. En Derrida mesmo, moitas veces o estilo deixa moito que desexar, se ben ten outras páxinas boísimas. Derrida ten páxinas dunha grande beleza.

De modo que eu penso que a poética da desconstrución non é o demo que algúns tentan de presentar como se fose un sementador de confusión. Eu xulgo que ten efectos benéficos sobre certos puntos de vista. Que foi unha contribución importante. Pero tampouco non é, digamos, a receita definitiva. Eu non acredito nada nese sentido. Eu son un popperiano intransixente. Cando se fala dalgunha cousa definitiva cómpre ter certa solermia, moita cautela: é que nos están a querer vender un dogma.

*É moi interesante esta afirmación de popperianismo, que aquí compartimos moitos de nós e da que mesmo os nosos estudantes teñen abondo de información, ó respecto. Pero, retomando unha idea anterior do profesor Aguiar e Silva, que é moi lóxica e moi prudente, é dicir, a idea de non pregoar que os estudos literarios teñan acadado aínda un estatuto de ciencia, de tódolos xeitos esa escrupulosidade que algúns teñen (e non é o caso de vostede) contra o que os alemáns chamaron xa no século pasado Literaturwissenschaft, hoxe en día, co desenvolvemento dos paradigmas científicos das propias ciencias "duras", xa non é tan de recibo. Concretamente, na revólución que significou na ciencia físico-matemática a teoría da relatividade de Einstein e logo a teoría cuántica, con principios tan claros como o da indeterminación, de Heisenberg, que defende, por primeira vez*

*dende dentro da propia ciencia experimental, que a observación non pode ser exacta porque os factores da perspectiva do que observa e o momento en que se observa, condicionan o propio resultado desas observacións. Todo isto, unido ó racionalismo crítico de Popper e á propia teoría de Kuhn, que, en definitiva, é moi semellante, en canto o seu impulso, a Popper, está a producir un achegamento entre o estatuto das ciencias "duras" e o estatuto das "preciencias", ou como se lles queira chamar, onde é un feito que o rigor existe e permite avances considerables. Gustaríanos volver a tomar outra vez este tema de discusión.*

Eu estou de acordo co que din de que nas chamadas ciencias duras do século XX ten habido unha serie de operacións de modificacións moi profundas que afastan o propio concepto de racionalidade científica do concepto positivista e neopositivista de racionalidade científica. É indubitable. Na Física, na propia Matemática o principio de indecidibilidade de K. Gödel vai nese sentido; así mesmo, na Bioloxía. Por outro lado, as ciencias humanas e sociais, anque con diferencias dunhas áreas ás outras (exactamente, na Lingüística ten habido un desenvolvemento máis consistente dunha racionalidade científica) tense vindo a asistir progresivamente a unha construción cada vez máis rigorosa dos presupostos, dos fundamentos, dos termos, dos conceptos, etc. E unha teoría científica é exactamente un conxunto de proposicións, cos seus presupostos, os seus fundamentos, os seus termos ben definidos, e que procuran describir e explicar un determinado obxecto de coñecemento, suxeitándose, someténdose, nos termos da lóxica da investigación científica popperiana, a probas de refutación. Eu coido que este ideal de racionalidade científica pode perfectamente ser desenvolvido, ser levado a cabo no campo dos estudos literarios. O que non significa que tódolos estudos literarios teñan de obedecer a unha estricta racionalidade científica.

Quero dicir con isto o seguinte (e o que vou dicir xa o dixeron René Wellek, Roland Barthes e tantos outros): se ben penso que non é difícil contruír en termos de teoría científica a teoría da literatura, xa vexo con máis dificultade a posibilidade de construír en termos de estricta racionalidade científica a chamada Crítica literaria ou a interpretación dun texto concreto dun autor. Eu xulgo que estes dominios dos estudos literarios teñen moitas semellanzas coa Medicina. A Medicina ten un soporte científico innegable, que lle é dado por ciencias duras como a Química, a Bioquímica, a Bioloxía, a Física, etc., pero cando o médico ten un doente o que fai é aplicar ese conxunto de coñecementos científicos a un caso concreto, e o que o acto médico constitúe, no fondo, é unha arte, no sentido etimolóxico da Medicina como Arte. O que non significa exactamente que non teña rigor. Polo contrario, unha *techné* (a poética para Aristóteles era unha *techné*), unha *ars*, debe ser rigorosa, pero, dende un punto de vista estrictamente epistemolóxico o acto médico non é, polo menos na súa totalidade, un acto de racionalidade científica estricte. E eu coido que a interpretación do texto literario, a lectura do texto literario concreto, individual, participa un pouco deste estatuto. Ten que ter o apoio dunha racionalidade científica; debe utilizar instrumentos terminolóxicos, conceptuais, operativos, que son proporcionados por unha teoría científica, pero que atopa alí un outro horizonte que ten que ver coa arte, no sentido etimolóxico do termo.

112 E tal vez isto nos explica por que nalgúns estudos literarios contemporáneos, con algunha frecuencia, aparece a dicotomía ou a antinomía entre ciencia e

hermenéutica. Ciencia *versus* hermenéutica. En xeral, os defensores dos estudos literarios, na súa globalidade, como ciencia proveñen dunha matriz neo-positivista. En xeral, a hermenéutica ten outra matriz, que torna difícil, digamos, subsumir toda a arte da interpretación, que é a hermenéutica, nunha estricta racionalidade científica.

*¿Como ve vostede esta volta a un certo historicismo na literatura? É dicir, ¿que cambios de perspectiva ten que haber neste neo-historicismo que, efectivamente, xorde armado con outros recursos, con outros instrumentos críticos? Dende o seu punto de vista ¿que é aproveitable do historicismo clásico (como dicía vostede hai unha especie de regreso ó autor, pero non debemos “regresar” totalmente) e que é aproveitable dos novos conceptos que temos hoxe en día sobre da literatura para construír realmente unha historia da literatura que vaia máis á historia do seu obxecto?*

Eu coido que o rexurdir, a re-emerxencia da historia literaria, o aparecemento do neo-historicismo é o resultado da conclusión a que se foi chegando de que modelos como o estruturalista (e podemos dicir o modelo formalista, en xeral, nos estudos literarios) amputou o fenómeno literario, o texto literario, dunha dimensión que é constitutiva dese fenómeno e dese texto, que é a dimensión da temporalidade histórica. Por outra parte, os formalistas rusos, sobre todo na súa última fase, déronse perfectamente conta, eran perfectamente conscientes de que o sistema literario, como calquera sistema cultural, é un sistema que se desenvolve no tempo, que ten unha dimensión histórica e que contrae relacións co sistema social e con outros sistemas culturais no ámbito de experiencias históricas concretas.

O estruturalismo, sobre todo o de procedencia propiana, isto é, o estruturalismo tal como foi elaborado pola teoría narratolóxica (Vladimir Propp) abolíu esta dimensión do tempo, e esta abolición da dimensión temporal non é algo periférico ou marxinal ó estruturalismo: é algo central, porque Claude Levi-Strauss contrúe toda a súa antropoloxía estruturalista a partir exactamente da expulsión da historia, da evacuación da historia. E isto ten aspectos ideolóxicos extremadamente importantes. Claude Levi-Strauss, como repetidamente ten afirmado, é un inimigo, é un adversario irreconciliable do iluminismo; é dicir, dunha concepción do home como progreso que se realiza na historia. É un adversario da *Aufklärung*, e por iso mesmo reafirmou como fundamento de toda a súa teoría estruturalista os elementos invariables do inconsciente humano. Está claro que isto resolveu o problema epistemolóxico a Claude Levi-Strauss. Tódalas tentativas de construír ciencias humanas e sociais se defrontan con este problema: encontrar aquilo que é invariante, aquilo que é invariable. Foi o problema xa co que se defrontou Ferdinand de Saussure, que, para construír a lingüística como ciencia tivo que construír, tivo que elaborar un constructo teorético, que é a *langue*, poñendo de lado a *parole*, que é o acto individual, concreto, etc., e baleirando este constructo teorético que é a *langue* de historicidade, de temporalidade.

O formalismo ruso elaborou un constructo teorético semellante, sobre a influencia directa de Ferdinand de Saussure e sobre a influencia directa de Husserl e o seu concepto de *gramática universal*. Foi sobre deste concepto sobre o que os formalistas rusos elaboraron o concepto de *literariedade*: unha esencia invariable e acontextual que é refractaria ás variacións contextuais.

Levi-Strauss buscou nas estruturas do inconsciente humano ese elemento invariable que necesitaba e, por outro lado, manifestou a través dese concepto de invariante o seu desleixo, a súa ruptura co iluminismo e con toda a cultura europea post-iluminista.

Agora ben, esta evacuación da historia, esta expulsión da historia, que ten sinais que veñen de lonxe, veñen de Nietzsche, quen neste, como en moitos outros dominios, é realmente un dos grandes precursores, profetas ou inspiradores. O tédio da historia vén xa de finais do século XIX e xa se tiña manifestado, por exemplo, con moita forza nas teorías da visibilidade pura, que tiveron tanta influencia na historia da arte e nos estudos dos estilos artísticos a principios de século XX: o formalismo, por exemplo, de Wölfflin, de Riegl e doutros. É un fenómeno moi complexo. Pero esta expulsión da historia, esta evacuación da historia, que atinxe o seu climax co estruturalismo francés, tornou mesmo incomprendible, dende un punto de vista semiótico o funcionamento da literatura, porque a Semiótica non pode, ó meu ver, describir e analizar a constitución e funcionamento dos sistemas á marxe da historia. Un dos aspectos, para min, máis ricos, máis relevantes, da semiótica soviética, en particular Iouri Lotman, é exactamente esta conciliación entre unha perspectiva semiótica e unha perspectiva histórica. Por outra parte, Lotman, antes de se dedicar ós estudos de Semiótica era un historiador da literatura rusa do século XVIII e XIX. Quero dicir que a Semiótica soviética, diferentemente da Semiótica neo-positivista dun Charles Morris e da Semiótica dun Hjelmslev, que é unha especie de alxebra da cual o tempo histórico está evacuado, ten parámetros históricos moi importantes. O renacemento da historia literaria ou, se se quixer, dos estudos históricos sobre o fenómeno literario xulgo que foi en grande parte orixinado no recoñecemento de que era necesario aprofundar no coñecemento dos parámetros históricos para que os propios estudos de semiótica literaria se pudesen desenvolver dun xeito máis enriquecedor.

É claro que no chamado neo-historicismo, sobre todo nos Estados Unidos, ten habido unha compoñente, se quixer, ideolóxica, pero que é perfectamente comprensible de explicar. O neo-historicismo, sobre todo nos Estados Unidos, está ligado ó marxismo. O marxismo (eu penso que o que está realmente en falencia non é propiamente o pensamento de Marx ou non é todo o pensamento de Marx: son certas distorsións e perversións do pensamento de Marx e as súas aplicacións ó plano do real concreto) ou *marxianismo* ten unha fundamentación inevitablemente histórica.

Por outro lado, o neo-historicismo, tamén sobre todo nos Estados Unidos representa unha reacción moi forte contra a psicanálise ou polo menos contra certas orientacións da psicanálise que tenden tamén a baleirar o texto literario, o fenómeno literario da súa dimensión histórica.

Ben, o neo-historicismo corre un risco que, ó meu ver, é moi grave, que é o de se deixar enliar por demais polos compromisos exactamente ideolóxicos, polos compromisos con outras orientacións dos estudos literarios que teñen tamén fortes ligazóns ideolóxicas. Estou a pensar na ligazón do neo-historicismo coa crítica feminista, que eu xulgo que tamén ten aspectos interesantes. A escrita ten un xénero, a escrita non é neutra, ou cando é neutra aínda mesmo así renvíanos a unha

Dos xéneros e dos sexos. Cando, por exemplo, a teoría do texto, a gramática do texto, ensina que o acto da escrita, como o acto da lectura, depende sempre de presuposicións complexas, está a dar a razón a moitas das reivindicacións da crítica feminina e da crítica feminista. Agora ben, o coñecemento da escrita da muller, da escrita feminina non se pode dissociar do coñecemento do estatuto da muller na sociedade, como ten sido xulgada, valorada ou descalificada, etc., e para iso cómpre adoptar unha perspectiva histórica. Polo tanto a ligazón do neo-historicismo co feminismo xulgo que é lóxica, pero son ligazóns extremadamente perigosas. E son dominios, ó meu ver, onde con moita frecuencia se perde o rigor da investigación, se perde o rigor dos termos e dos conceptos en proveito de intereses que teñen moitas veces unha ligazón directa con movementos políticos, con movementos sociais e, aínda que eu entenda, como dixeran hai pouco, que nin mesmo as ciencias duras escapan de todo á influencia das ideoloxías, xulgo que a racionalidade científica ten que ter a preocupación, ata onde sexa posible, de facer unha limpeza do seu campo operatorio, de xeito que non veña a ser colonizado por intereses espúreos con relación á racionalidade científica.

O recoñecemento de que a ideoloxía intervén pode ser ata extremadamente útil en termos de racionalidade científica. Se eu, cando estou a escribir, tivese autoconciencia de que aquilo que estou a afirmar pode ter un presuposto que no fondo é ideolóxico, iso obrigárame a ser máis esixente comigo propio. E o neo-historicismo pode correr o risco de non ter esa conciencia das contaminacións ideolóxicas. Así, por exemplo, en Francia está a desenvolver unha nova historia literaria que, aproveitando a grande lección da historia literaria de Lanson, o que nela hai de fecundo e de vivo e sen eses compromisos que son sobre todo pesados nos Estados Unidos, pode conducirnos a unha historia literaria renovada e que veña constituír, eu diría, un alicerce indispensable para o desenvolvemento de outras orientacións dos estudos literarios. Porque, en efecto, facer, por exemplo, brillantes exercicios de hermenéutica literaria sobre textos apócrifos de Camoês non leva a lado ningún. E sen o auxilio da historia literaria, da filoloxía, da ecdótica, etc., eu non sei cal é un soneto de Camoês e cal non é un soneto de Camoês, aínda que, claro, haxa aquel aspecto, que é importante, da valoración estética: hai certos textos diante dos que nós dicimos “non, isto non pode ser de Camoês, non ten o *timbre* da voz de Camoês”. Pero hai moitos outros casos en que isto non acontece e, por exemplo, foi recentemente publicada unha edición dos sonetos de Camoês onde aparecen catrocentos trece sonetos. As edicións criticamente máis esixentes de Camoês atribúenlle arredor de cento sesenta sonetos, o que quer dicir que hai preto de trescentos sonetos que certas edicións fan circular como sendo de Camoês e que moi probablemente, con certeza, non son de Camoês. Xa que logo, ¿qué me interesa estar a facer estudos brillantes de hermenéutica literaria, estilística, sobre poesía de Camoês que non é de Camoês. E isto só a Historia literaria, a Filoloxía, a Ecdótica, etc., poderán resolvelo. É dicir, eu considero estes elementos, estes dominios dos estudos literarios como fundamentais para o desenvolvemento de todo o edificio, de toda a construción dos estudos literarios.

*Antes fixo alusión vostede ó problema das literaturas periféricas. A lectura, a actitude do teórico e do crítico diante deste tipo de literaturas tropeza ás veces con obstáculos grandes, como poida ser o feito de que se dá unha valoración dos textos*

*decantada da atención que se lle presta a elementos deses textos que non son propiamente literarios. É dicir, ás veces interponse, por exemplo, a valoración do bo manexo do código lingüístico no camiño da experiencia estética, da relación entre o lector e a dimensión estética, propiamente literaria do texto. ¿Ten vostede reflexionado algo sobre a problemática destas literaturas? Podemos pensar en literaturas como a galega, que se vale dun código lingüístico que sufriu unha parada no tempo cando evolucionaba cara a normalización, en tódolos aspectos, xunto coas outras linguas románicas, e tivo que retomar a escrita da lingua galega catro séculos despois en condicións de grande precariedade, dado que a ortografía non chegara a fixarse cando aquela parada tivo lugar. Ocorreu entón (falamos do século XIX, co chamado Rexurdimento, e de aí en adiante) que os textos galegos que se presentan como literarios son valorados, en ocasións, máis pola súa boa ou mala construción lingüística que polos propios méritos literarios. Existe así, ás veces, un desfase entre a valoración do texto literario e a valoración do propio xesto (certamente ideolóxico, case sempre) de escribir e de facelo con pericia ou impericia lingüística.*

Coido que é unha experiencia, eu diría que ata un laboratorio interesantísimo o caso dunha literatura como a galega. Exactamente porque houbo unha interrupción durante varios séculos da escrita literaria na lingua galega. Iso demostra cómo é verdadeiramente placentaria a relación entre poesía e lingua. Non hai poesía sen lingua e a lingua sen a poesía estiola e morre.

Paréceme que o que vostedes afirmaron é pertinente. É dicir, que se corre o risco, en experiencias como estas que son tan interesantes para un teórico da literatura, de sobrevalorizar aspectos instrumentais en detrimento dos aspectos propiamente estético-literarios. No fondo, temos aquí de novo un problema dos valores ideolóxicos e de discusións ideolóxicas: unha determinada actitude política, unha determinada actitude ideolóxico-nacionalista, etc. Pero eu penso que estes fenómenos, como o fenómeno da formación das novas literaturas africanas, por exemplo nos países de lingua oficial portuguesa, teñen a maior importancia para o estudio do fenómeno literario, porque de certo modo nos permiten estudar contemporaneamente o nacemento da actitude literaria dunha sociedade. É dicir, cómo é que a institución literaria nace e se desenvolve, qué relacións e funcións desempeña naquela sociedade e o xeito de interacción entre a produción literaria, a escrita literaria, e a produción lingüística, a constitución da propia lingua.

En Angola, por exemplo, este é un fenómeno interesantísimo. O modo como algúns grandes narradores en Angola están a utilizar o portugués, a lingua portuguesa, con diferencias, quer en en relación ó portugués de Portugal, quer en relación ó portugués do Brasil, pero cómo están a utilizar o mesmo *sistema* lingüístico, aínda que cunha *norma* moi diferente, para construíren unha literatura nacional angolana. Eu vexo que estes fenómenos teñen unha importancia extraordinaria e penso que os teóricos da literatura, os sociólogos da literatura, os antropólogos, etc., temos aquí un campo de estudio interesantísimo. Infelizmente, en Portugal non se lle deu a debida atención a este fenómeno porque as cicatrices da descolonización aínda non o permiten. Estamos a entrar nunha nova época. Coido que cando a guerra en Angola termine, se consiga a paz e se torne máis fácil e, ó mesmo tempo, máis urxente o diálogo de Portugal con Angola, as Universidades Portuguesas van consagrar a estes problemas a atención que

merecen. Infelizmente ata o de agora non se ten feito case nada porque a propia guerra impede que haxa un intercambio regular de profesores.

O que ocorre aquí, en Galicia, é moi interesante, así mesmo, porque é un problema diferente, porque hai aquí unha matriz primixenia, plurisecular e fenómenos de crioulización que as vicisitudes históricas provocaron. Existe aquí, certamente, crioulización discursiva e crioulización doutros elementos culturais, etc., que fan disto un fenómeno a estudar moi importante para o teórico da literatura e para outras disciplinas.

*Esta ponla da nosa conversa levaríanos a moitas horas máis de reflexión, profesor. Pero vostede ten agora unha conferencia no Parainfo e non hai máis tempo. Quizais noutra ocasión poidamos empatar co que agora queda rabenado e continuar. Para nós sería un gran pracer. Moitas gracias, profesor Aguiar e Silva, pola súa paciencia e xenerosidade.*

Santiago de Compostela, decembro 1990.